

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 23 de decembro de 2025 pola que se nomea e se publica a composición do tribunal encargado de xulgar as probas selectivas para o ingreso na escala técnica, subescala auxiliar de servizos, do subgrupo C1, polo sistema de promoción interna, da Universidade da Coruña.

Mediante a Resolución do 24 de setembro de 2025 (DOG do 7 de outubro) convocáronse probas selectivas para o ingreso polo sistema de promoción interna, na escala técnica, subescala conserxe, subgrupo C1 de funcionarios/as da Universidade da Coruña.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 136 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal que figura no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para o ingreso, polo sistema de promoción interna, na escala técnica, subescala conserxe, subgrupo C1, da Universidade da Coruña.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lles corresponden á categoría cuarta das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

M^a Jesús Grela Barreiro



ANEXO

Escala Técnica, subescala Conserxe

Tribunal titular

Presidente: Iñigo Cruzado Beitia, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Juan Carlos Muñiz Seijas, funcionario da Universidade da Coruña

Elena Marta Vázquez Martínez, funcionaria da Universidade da Coruña

Teresa Grandío Rodríguez, funcionaria da Universidade da Coruña.

Secretaria: Fernanda Chacón Pichel, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.

Tribunal suplente

Presidente: Francisco Montero Santos, funcionario da Universidade da Coruña

Vogais:

Manuel Barros Fernández, funcionario da Universidade da Coruña

Manuela Babío Carazo, funcionaria da Universidade da Coruña

Pedro Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: M^a Jesús Codesido López, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e voto.